

CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARTICULARES LEI 35/2010, DE 17 DE SETEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA DO MERCADO DE TRABAJO.

As administracións públicas dentro da súas políticas de investigación e desenvolvemento financian axudas para programas específicos de recursos humanos que inciden directamente na aplicación da Lei 35/2010, de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma laboral.

Unha aplicación estrita e pouco matizada da normativa anterior pode traer como consecuencia a imposibilidade de incorporar ao ámbito de investigación da USC un importante capital humano. En efecto, podería chegarse á situación de non poder contratar a investigadores seleccionados no ámbito de convocatorias públicas ou privadas de especial relevancia (Parga Pondal, Angeles Alvariño, ..), polo feito de ter unha vinculación anterior coa USC.

Polo tanto, e en aras de non cercenar o seu fortalecemento investigador, a USC establece como criterios particulares de actuación con respecto á Lei 35/2010 os seguintes:

1º.-Os contratos de obra ou servizo determinado poderán formalizarse cos beneficiarios dos programas específicos de recursos humanos, convocados polas distintas administracións públicas, independentemente do tempo que con carácter previo estiveran vinculados coa USC.

2º.-Os contratos de obra ou servizo determinado poderán formalizarse con investigadores/técnicos, independentemente do tempo que con carácter previo estiveran vinculados coa USC, cando a súa incorporación supoña un financiamento adicional relevante, en forma de convenios, contratos ou outro tipo de axudas. O carácter de financiamento relevante será determinado pola Vicerreitoría con competencias en investigación para cada caso concreto.

3º.-Os contratos de obra ou servizo determinado poderán formalizarse cos beneficiarios dos programas específicos de recursos humanos indicados no apartado 1º, cando unha vez rematado ou seu contrato, formalizado ao abeiro do programa específico, cumpran coas condicións establecidas nas instrucións da xerencia relativas a aplicación das medidas previstas na Lei 35/2010, de 17 de setembro.

4º.-Os contratos de obra ou servizo determinado, vinculados á xestión directa da investigación, e formalizados con cargo a programas ou servizos propios da USC, poderán prorrogarse cando o traballo que se desenvolva deba continuar independentemente da non renovación dos devanditos contratos.

5º.-Con carácter xeral e co fin de facer fronte a posibles indemnizacións as contratacións/renovacións de traballadores que xa tivesen encadeamento de contratos e/ou unha vinculación superior a 36 meses verán incrementando o seu custo nun 12% sobre o salario bruto mensual. Dito importe será transferido á partida orzamentaria que a Vicerreitoría con competencias en investigación estableza. Non obstante os fondos non executados para facer fronte ás posibles indemnizacións poderán reverter na partida orzamentaria indicada polo investigador propoñente do contrato laboral.

Por outra banda e para complementar os criterios anteriores a Universidade levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Creación dun Programa predoutoral, dentro do ámbito de aplicación do Estatuto do Persoal Investigador en Formación (EPIF), no que os beneficiarios poderán estar vinculados coa institución por catro anos. Os dous primeiros baixo o rémexe de bolsa e os dous últimos formalizarán un contrato en prácticas. Esta vinculación podería estenderse aínda por tres anos máis, mediante contratos de obra ou servizo determinado. Coa posta en marcha deste programa solucionaríase a situación para os doutorandos de nova incorporación.
- b) Creación dun Programa predoutoral destinado aos alumnos de terceiro ciclo que están a rematar a súa tese a través do que poderían ser contratados en prácticas ata un máximo de 2 anos
- c) Modificación da normativa para a contratación de persoal con recursos captados por I+D, aprobada polo Consello de Goberno o 20 de xuño de 2005, xa que como está redactada non serve para solucionar o problema existente, debido a que nela prevese a formalización de contratos de obra ou servizo determinado.

Santiago de Compostela, 16 decembro de 2010
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación